



CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeña, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: concello@ccarballo.e.telefonica.net

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

ASUNTO.- LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS, DATA DE EXAME.

SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN / DUNHA AXENTE TIC PARA A AULA CeMIT, A MEDIA XORNADA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO DO CONCELLO DE CARBALLO.

D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, Alcalde-Presidente do Concello de Carballo, en uso da atribución outorgada para este expediente.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 15 de maio de 2014.

Vistas as bases do proceso selectivo de referencia, aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de maio de 2014.

Finalizado o prazo para a presentación de emendas de defectos por parte dos candidatos/as que resultaran excluídos/as das listas provisionais, sen que se teña presentado reclamación algunha.

Tendo en conta os antecedentes e a normativa de aplicación, pola presente esta Alcaldía, ACORDA:

Primeiro.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos, sendo a seguinte:

APELIDOS E NOME	PRESENTOU INSTANCIA	DNI	ADMITIDOS E EXCLUÍDOS. CAUSA DE EXCLUSIÓN.
Vázquez Crespo, Silvia	SI	76.580.179-T	ADMITIDA.

EXCLUÍDOS.- Ninguén.

Segundo.- Fixar a data e hora para a valoración da fase de concurso e a proba de selección.- Convócase aos candidatos/as para a avaliación de méritos e para o exame tipo test, que se levará a cabo na seguinte data:

MÉRCORES, 4 DE XUÑO DE 2014, AS 12:00 HORAS,
NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CARBALLO.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

Carballo, a 02 de xuño de 2014.

D.M. e os únicos efectos de fe pública (art. 2 RD 1174/1987 de 18 de decembro)

O Secretario

O Alcalde

Asdo.: Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

Asdo.: Fernando Torre Comesaña.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeña, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

RÉXIME DE RECURSOS:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 109c) da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento administrativo común e no artigo 58.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

Con carácter potestativo, recurso de reposición ante Alcaldía, en prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acto administrativo.

Directamente, recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, en aplicación dos arts. 6 a 13 da Lei 29/1998 de 13 de Agosto Reguladora da Xurisdición contencioso – administrativa. O prazo de interposición será de dous meses dende o día seguinte ó da notificación do presente acto administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro que se estime pertinente.